

VÍDEO | Badaladas pola prevención do suicidio en Galicia



David Lombao | @davidlombao

Galicia rexistrou en 2014 a maior cifra de suicidios en vinte anos. Foron, segundo datos do INE, 371 falecementos por autolesións, case 40 máis que no ano anterior e praticamente os mesmos que o maior rexistro da serie histórica, que comeza en 1980. Dende a década pasada morren xa no país **máis persoas por suicidio que por accidentes de tráfico** e as taxas por cada 100.000 habitantes son das maiores do Estado. É neste escenario no que o Movemento Galego da Saúde Mental vén de lanzar a campaña *Badaladas pola prevención do suicidio* coa que, a través dun vídeo, este colectivo de profesionais quere chamar a atención sobre a necesidade dun plan galego de prevención do suicidio.

O MGSM, formado por máis de catrocentos profesionais da sanidade pública e diversos colectivos sociais, estima que a elevada cifra de suicidios non baixou apenas en 2015. O seu cálculo é que se produciron 321 destas mortes durante o pasado ano, feito dabondo para considerar o problema como "especialmente grave" en Galicia. "Somos tristes líderes neste tipo de mortes e, malia iso", lamentan, o fenómeno continúa nun "descoñecemento" que se **"agrava pola actitude da Administración, que elude responsabilidades"**.

"Malia estar diante dun asunto de tal magnitude", lamentan, **Sanidade "nin menciona" os suicidios en documentos como a Estratexia Sergas 2014 ou as memorias da Dirección Xeral de Saúde Pública**. "Non existe plan para o suicidio en Galicia, pero é que tampouco existe plan de saúde mental", máis necesario "nun contexto de crise económica". As propostas da plataforma, resaltan, só pasan por aplicar as "recomendacións da Organización Mundial da Saúde", a comezar "por asumir a gravidade da situación, a existencia da eficacia preventiva e a urxencia da resposta ao problema do suicidio en Galicia".

A Consellería de Sanidade, di, **debe abordar de inmediato o devandito Plan Galego de Prevención do Suicidio** e "soster información institucional para sensibilizar e desestigmatizar". Mellorar o coñecemento sobre o problema na atención primaria do Sergas e "aproveitar a súa capacidade para explorar os riscos" son tarefas especialmente urxentes. "A persoa que se suicida non quere sufrir, non quere seguir vivindo", evidencian. Por iso "debemos lograr que a persoa fale con outros, para gañar tempo, para explorar outras solucións, pedir axuda e recibir apoio". "É responsabilidade de todos", conclúen.

COA TÚA ACHEGA FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.

OUTRAS NOVAS RELACIONADAS:

Xoves 31, Marzo 2016 | [Movementos sociais](#) |

[Galicia rexistra a maior cifra de suicidios en vinte anos](#)

Venres 11, Setembro 2015 | [Movementos sociais](#)

[O MGSM acusa o Sergas de "eludir a súa responsabilidade" no "grave problema" do suicidio](#)